

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	IES Plurilingüe Castro da Uz	As Pontes de García Rodríguez	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	1º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

As artes plásticas, visuais e audiovisuais diríxense cara á adquisición dun pensamento que se concreta en formas, actos e producións artísticas, e que posúe a capacidade de xerar propostas orixinais respondendo ás necesidades do individuo. Supoñen, ademais, a posibilidade de actuar sobre a realidade creando respostas que prolonguen e amplíen a capacidade expresiva do ser humano. A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual integra todas as dimensións da imaxe (plástica, fotográfica, cinematográfica e mediática), así como a súa forma, que varía segundo os materiais, as ferramentas e os formatos utilizados. A imaxe, que pode ser bidimensional ou tridimensional, figurativa ou abstracta, fixa ou en movemento, concreta ou virtual, duradeira ou efémera, amósase a partir das diferentes técnicas que foron ampliando os rexistros da creación. A chegada dos medios tecnolóxicos contribuíu a enriquecer a disciplina, diversificando as imaxes e democratizando a práctica artística, así como a recepción cultural, pero tamén aumentou as posibilidades da súa manipulación. Por este motivo, resulta indispensable que o alumnado adquira os coñecementos, as destrezas e as actitudes que cómpren para analizar as imaxes criticamente, tendo en conta os medios de produción e o tratamento que se fai delas, co fin de cimentar un definido espírito crítico fronte ás diversas manifestacións estéticas. A materia dá continuidade ás aprendizaxes da área de Educación Plástica e Visual da etapa anterior e aprofunda neles, contribuíndo a que o alumnado siga desenvolvendo o aprecio e a valoración crítica das manifestacións plásticas, visuais e audiovisuais, así como a comprensión das súas linguaxes, a través da súa posta en práctica na realización de diversas clases de producións. Esta alfabetización visual permite unha adecuada descodificación das imaxes e o desenvolvemento dun xuízo crítico sobre estas. Ademais, dado que a expresión persoal se nutre das achegas que realizaron ao longo da historia, favorece a educación no respecto polo patrimonio cultural e artístico, e a súa posta en valor. O enfoque eminentemente práctico da materia leva consigo que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción. Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución destes por parte do alumnado. Os criterios de avaliación e os contidos da materia artículanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas, ademais dos factores e as etapas do proceso creativo. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropriarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	TRAZADOS XEOMÉTRICOS BÁSICOS.	Uso da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas e perpendiculares. Emprego da escuadra e cartabón no trazado de ángulos. División dun segmento en partes iguais empregando o teorema de Thales. A circunferencia e o círculo.	11	10	X		
2	ELEMENTOS DA LINGUAXE VISUAL	Elementos xeométricos básicos: O punto como signo gráfico-plástico, a liña: expresividade e funcións. O punto e a liña no arte.	11	7	X		
3	TRAZADOS XEOMÉTRICOS FUNDAMENTAIS.	Mediatriz, bisectriz, ángulos, la circunferencia , el círculo.	11	10		X	
4	COÑECENDO O NOSO PATRIMONIO ARTÍSTICO	Os xéneros artísticos máis destacados. ¿ Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.	11	6	X		
5	NATUREZA E EXPRESIVIDADE DA COR	Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Natureza da cor. Cor luz e mezcla aditiva. Cor pigmento e mezcla sustractiva. Ordenación da cor: o círculo cromático. Simbología e dinámica da cor. Conceptos e posibilidades expresivas.	11	6		X	
6	A ARTE EN TRES DIMENSIÓNS	Realidad tridimensional. Representación da realidade no plano. Perspectiva	12	7		X	
7	FORMAS POLIGONAIS	Trazado de triángulos e cuadriláteros. División da circunferencia en partes iguais. Trazado de formas poligonais de máis de cinco lados. Composicións artísticas baseadas en formas poligonais básicas.	11	10			X
8	A ARTE DE COMUNICAR	O proceso de comunicación. A mensaxe visual: o formato da imaxe e a súa mensaxe (regra dos tercios). Ilusións ópticas. Interpretación de mensaxes visuais. Emprego e creación de mensaxes e códigos visuais. Recursos visuais. O comic	11	7			X
9	TÉCNICAS GRAFOPLÁSTICAS HÚMIDAS	Emprego de técnicas grafoplásticas húmidas, fundamentalmente témperas nas creacións artísticas.	11	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	TRAZADOS XEOMÉTRICOS BÁSICOS.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Debuxar trazados xeométricos básicos coa técnica e o material axeitado. Realizar os trazados con precisión, diferenciar liñas auxiliares das liñas do debuxo, respectando os grosos de liña e a limpeza das súas producións.	PE	20
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Analizar producións artísticas e ser capaz de recoñecer os trazos particulares cos que realizaron. Empregar eses trazados de xeito adecuado nas súas producións artísticas.	TI	80
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Empregar as técnicas básicas grafo-plásticas estudadas de xeito adecuado nas súas producións artísticas.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Coñecer e saber empregar as principais técnicas de expresión grafo-plásticas e valorar a súa capacidade expresiva tanto nas producións propias como nas dos seus compañeiros/as		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
2	ELEMENTOS DA LINGUAXE VISUAL	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Analizar obras de diferentes producións culturais e artísticas	TI	100
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Empregar técnicas axeitadas estudadas para a expresión das súas ideas		
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Expresar os seus sentimentos a través de diferentes producións artísticas tanto de xeito individual ou en grupo respectando e valorando as ideas dos seus compañeiros/as		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Elaborar producións artísticas empregando as técnicas e ferramentas estudadas de xeito individual ou en grupo respectando e valorando as ideas dos seus compañeiros/as		
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Recoñecer o patrimonio artístico da súa contorna e empregar a súa influencia nas producións artísticas propias		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A linguaxe visual como forma de comunicación.
- Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas.

UD	Título da UD	Duración
3	TRAZADOS XEOMÉTRICOS FUNDAMENTAIS.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Debuxar trazados xeométricos básicos coa técnica e o material axeitado. Realizar os trazados con precisión, diferenciar liñas auxiliares das liñas do debuxo, respectando os grosos de liña e a limpeza das súas producións.	PE	20
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Recoñecer os trazados xeométricos empregados como linguaxe gráfico e enmarcalo nun contexto social, histórico e xeográfico. Coñecer o seu proceso de elaboración e aplicalo nas súas producións artísticas		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Coñecer os principais trazados xeométricos e ser capaz de desenvolvelos de forma axeitada empregando as técnicas e útiles de debuxo axeitados. Realizar os trazados con precisión, diferenciar liñas auxiliares das liñas do debuxo, respectando os grosos de liña e a limpeza das súas producións.	TI	80
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Saber explicar o proceso de elaboración das súas producións artísticas. Ser capaz de recoñecer os erros e procurar solucións sempre dende unha perspectiva de respecto tanto para as producións propias coma as dos seus compañeiros/as		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
4	COÑECENDO O NOSO PATRIMONIO ARTÍSTICO	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Analizar as producións artísticas máis importantes que se produciron ao longo da historia, relacionando ditas producións co momento histórico no que se produciron e sempre con respecto e interese dende unha perspectiva de xénero	TI	100
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Analizar as producións artísticas galegas máis importantes que se produciron ao longo da historia, relacionando ditas producións co momento histórico no que se produciron sempre cunha actitude de respecto		
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	Analizar obras realizadas en diferentes momentos históricos e ser capaz de describilas e analízalas tendo en conta o momento histórico no que se produciron. Mostrar unha actitude de respecto e dende unha perspectiva de xénero		
CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Analizar producións artísticas actuais e ser capaz de enmarcarlas nun contexto cultural concreto		
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Ser capaz de analizar diversas producións artísticas, respectando a diversidade das expresións culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os xéneros artísticos máis destacados.
- Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.

UD	Título da UD	Duración
5	NATUREZA E EXPRESIVIDADE DA COR	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Analizar de forma axeitada e segundo o estudado, as técnicas grafo-plásticas empregadas nas diferentes producións culturais e artísticas.	TI	100
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresar ideas de xeito orixinal e creativo nas súas producións artísticas tanto individuais coma en grupo sendo.		
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Empregar as técnicas grafo-plásticas estudadas na elaboración de producións artísticas tanto individuais coma en grupo sendo capaz de expresar ideas e sentimentos de xeito orixinal a través delas.		
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser capaz de elixir a técnica máis axeitada e producir obras de forma individual ou colectiva cunha intención previa.		
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Recoñecer as referencias culturais e artísticas da contorna e empregar de xeito orixinal e creativo ditas referencias culturais nas producións propias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas.

UD	Título da UD	Duración
6	A ARTE EN TRES DIMENSIÓNS	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Escoller a técnica axeitada para as representacións bidimensionais e tridimensionais. Empregar as técnicas estudadas dun xeito apropiado.	TI	100
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Empregar técnicas grafo-plásticas de xeito adecuado cunha intenciónalidade previa mantendo sempre unha liña de creatividade e orixinalidade nas súas producións tanto no traballo individual coma en grupo		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Saber explicar o proceso de elaboración das súas producións artísticas. Ser capaz de recoñecer os erros e procurar solucións sempre dende unha perspectiva de respecto tanto para as producións propias coma as dos seus compañeiros/as		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
7	FORMAS POLIGONAIS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Debuxar trazados xeométricos básicos coa técnica e o material axeitado. Realizar os trazados con precisión, diferenciar liñas auxiliares das liñas do debuxo, respectando os grosos de liña e a limpeza das súas producións.	PE	20
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Identificar os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos,	TI	80
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Empregar diferentes técnicas estudadas nas producións gráfico-plásticas, experimentando con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Saber explicar o proceso de elaboración das súas producións artísticas. Ser capaz de recoñecer os erros e procurar solucións sempre dende unha perspectiva de respecto tanto para as producións propias coma as dos seus compañeiros/as		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
8	A ARTE DE COMUNICAR	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Identificar os factores históricos e sociais máis importantes que influiron nas producións visuais e audiovisuais. Explicar a súa función nelas.	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Identificar os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos,		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Estudar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais e expresar ditas especificidades dun xeito axeitado.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Empregar con creatividade e orixinalidade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración das súas producións.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenrolar producións e manifestacións visuais cunha intención previa e empregando a técnica axeitada, de forma individual ou colectiva.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Identificar os usos e funcións das producións artísticas e valorar o seu papel na sociedade cunha actitude aberta e de respecto e interese		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
9	TÉCNICAS GRAFOPLÁSTICAS HÚMIDAS	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Empregar diferentes técnicas estudadas nas producións gráfico-plásticas, experimentando con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	TI	100
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Escoller a técnica axeitada para as representacións bidimensionais e tridimensionais. Empregar as técnicas estudadas dun xeito apropiado.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Debuxar trazados xeométricos básicos coa técnica e o material axeitado. Realizar os trazados con precisión, diferenciar liñas auxiliares das liñas do debuxo, respectando os grosos de liña e a limpeza das súas producións.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Saber explicar o proceso de elaboración das súas producións artísticas. Ser capaz de recoñecer os erros e procurar solucións sempre dende unha perspectiva de respecto tanto para as producións propias coma as dos seus compañeiros/as		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Aspectos Xerais:

Partir da competencia inicial do alumnado

Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe

Potenciar as metodoloxías activas:

Combinar traballo individual e cooperativo

Aprendizaxe por proxectos

Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas

Uso habitual das TIC
 Papel facilitador do profesor/a
 Estratexias Metodolóxicas:
 Memorización comprensiva
 Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa,
 Elaboración de sínteses
 Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos
 Comentarios de textos, gráficos, mapas
 Resolución de problemas
 Estudo de casos (proxectos)
 Simulacións
 Secuenciación habitual de traballo na aula
 Información do profesor/a:
 Información básica para todo o alumnado
 Información complementaria para reforzo e apoio
 Información complementaria para afondamento e ampliación
 Traballo persoal:
 Lectura e comprensión de textos
 Análise de documentos, pequenas investigacións, etc
 Resposta a preguntas
 Resolución de problemas
 Comentario de documentos, imaxes, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula de Plástica dotada de grifos e lavabos para a limpeza do material.
Canón video-proxector e ordenador así como de taboleiro e taboleiro dixital.
Biblioteca de libros de texto e algúns manuais para consulta do profesor/a e alumnado
Material para realización de proxectos (material de refugallo, pinturas acrílicas, cartulinas, pinceis)
Figuras para o traballo de composicións a man alzada.
Útiles de precisión: Xogo de regras, Compás, Lápiz HB ou portaminas, Lápiz 2B, ferramentas de corte e adhesión, tesoiras, pegamento, material de debuxo e pintura, lápices de cores, pinceis, témperas ou acuarelas, rotuladores, goma, bloc de debuxo.
Plataforma EVA Edixgal.

O material empregado para o desenvolvemento das clases será material elaborado pola profesora e que porá a disposición do alumnado e tamén o colgará na plataforma virtual EVA Edixgal para a súa consulta por parte dos alumnos/as.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días do curso escolar en setembro realizarase unha proba específica sinxela para avaliar o grao de adquisición das competencias clave e obxectivos en cursos anteriores e que se consideran imprescindibles para construír as novas aprendizaxes propias da materia.

Esta proba non terá repercusión na cualificación. Con esta proba se poderá coñecer o grao de creatividade e destreza gráfica do alumnado así como se é capaz de comprender unha mensaxe dada a través dunha imaxe visual. Poderemos tamén comprobar o grao de adquisición da competencia lingüística a través da redacción de respostas

coherentes relacionadas con preguntas plantexadas.

Ademais da avaliación inicial, mediante observación directa na clase, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumnado/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumnado/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado), e da súa competencia dixital.

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar ao alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Unha vez detectado o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, estableceranse as medidas apropiadas para dar resposta ás súas necesidades.

Atención individual tanto na aula como no taller.

Subministro de material de apoio na aula.

Ampliación de tempo na realización de probas.

Adaptación curricular individualizada significativa de ser o caso.

Adaptación curricular no significativa de ser o caso.

Aparte deste alumnado con NEE, a diversidade na aula é moi ampla (diversidade de capacidades, intereses, motivacións..) e dende a área de Plástica tratarase de atender a esta diversidade a través da realización de:

Actividades variadas, actividades de reforzo e ampliación, tendo en conta o ritmo de aprendizaxe de cada alumno e alumna.

Emprego de diferentes estratexias didácticas, diferentes instrumentos de avaliación, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	12	11	11	11	100
Proba escrita	20	0	20	0	0	0	20	0	0	7
Táboa de indicadores	80	100	80	100	100	100	80	100	100	93

Criterios de cualificación:

A cualificación do alumnado levarase a cabo unha vez cada trimestre nas datas que estableza a xefatura de estudos e terá un valor numérico sen decimais entre 1 e 10.

Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5.

A avaliación levarase a cabo tomando como referencia os criterios de avaliación e competencias clave e se fará empregando diferentes instrumentos de avaliación como son láminas, traballos realizados na clase, proxectos, portfolio do alumno/a para os traballos realizados cos seus

ordenadores, diario de clase onde se reflectirá a observación do traballo diario na aula do alumnado, así coma unha proba escrita sobre os contidos traballados na aula.

A avaliación levarase a cabo a través das láminas e proxectos que se plantexarán na clase e suporán un 50% da cualificación final da avaliación. Todas as láminas e traballos terán o mesmo peso na cualificación final agás os proxectos que a profesora plantexe como síntese dos principais contidos traballados nunha unidade que nese caso terán un peso maior na avaliación. Se se dera este caso o alumnado sería informado da porcentaxe sobre a cualificación destes proxectos.

As probas escritas terán un peso dun 40% na cualificación final da avaliación. Nalgunha avaliación a profesora pode decidir non realizar proba escrita baseándose en criterios obxectivos coma pode ser natureza dos contidos explicados, nese caso a avaliación levarase a cabo só coas láminas e proxectos e estes suporán o 90% da cualificación final.

Será requisito imprescindible para aprobar a avaliación entregar todos os traballos do trimestre salvo causa debidamente xustificada. A presentación dos traballos fora de prazo pode dar lugar a cualificación de 0 ou a unha penalización que se comunicará ao alumnado no momento de propoñer os traballos de clase.

Os traballos deberán ser feitos na aula e non poderán rematarse na casa salvo indicación expresa da profesora ou causa debidamente xustificada.

Os traballos deberán ser feitos polo alumnado de forma orixinal. Ante calquera sospeita de falta de orixinalidade dos traballos, ou realización por parte doutra persoa que non sexa o alumno/a, consideraranse coma non presentados.

Aqueles contidos actitudinais (relacionados co traballo en equipo de forma responsable e respetuosa, respecto polas normas de seguridade e saúde, entrega dos traballos en tempo e forma) terán un peso na cualificación final do trimestre dun 10%.

A cualificación da materia para cada unha das avaliacións parciais obtérase facendo a media ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das partes anteriores aplicando as porcentaxes de ponderación arriba indicadas.

Á hora de establecer as cualificacións finais, aplicaranse as regras do redondeo para aquelas cualificacións decimais, de tal maneira que se a cifra decimal é 5 ou superior a 5, redondearase ao número enteiro superior e se é inferior a 5 quedará o mesmo número enteiro sen cifras decimais.

Para aprobar a materia tanto nas avaliacións parciais como na avaliación final de xuño, hai que obter un mínimo dun 5 na cualificación final.

RECUPERACIÓN

Aquel alumnado que non supere algunha avaliación parcial, terá opción de recuperala facendo entrega das láminas e/ou traballos non entregados ou cunha cualificación inferior a 5. A profesora pode decidir facer unha recuperación da proba escrita se así o considera necesario.

Aínda que a sesión da avaliación parcial do terceiro trimestre coincide coa sesión de avaliación final, o alumno/a terá unha cualificación para esa terceira avaliación (independiente da cualificación final), da que será informado/a no mes de xuño, e que será considerada co mesmo peso que as outras dúas avaliacións parciais no cálculo da cualificación final de xuño.

Para o cálculo da cualificación da avaliación final de xuño aplicaranse as mesmas regras de redondeo que na obtención das cualificacións das avaliacións parciais.

Aquel alumnado que non supere a materia despois de facer a media das tres avaliacións parciais, no mes de xuño terán a posibilidade de facer una proba final de recuperación daquelas avaliacións non superadas. Este exame será unha proba escrita baseada naqueles contidos correspondentes ás avaliacións suspensas. A nota final será a media aritmética das cualificacións das avaliacións que tivese superadas durante o curso e as que realice no exame global de xuño, sempre cumprindo os mínimos antes establecidos. A profesora pode decidir neste caso modificar os instrumentos de avaliación se fose necesario e sempre baixo criterios obxectivos.

Criterios de recuperación:

Aqueles alumnos/as que non superen a materia, terán a opción de facer unha recuperación en cada avaliación. Para recuperar terán que entregar aquelas láminas non entregadas ou volver a entregar aquelas láminas nas que non acadaron unha cualificación mínima de 5. Tamén terán unha proba escrita de recuperación dos contidos traballados nesa avaliación.

Para a recuperación empregaranse os mesmos instrumentos utilizados na avaliación e empregaranse as mesmas porcentaxes de ponderación. A profesora pode decidir modificar os instrumentos de avaliación de maneira excepcional se fose necesario.

A nota final do curso será a media aritmética entre as notas de cada avaliación, sempre que as tres teñan unha nota igual ou superior a 5.

A media das tres avaliacións farase coas notas reais do alumnado antes do redondeo.

Aplicaranse as mesmas regras de redondeo que nas cualificacións das avaliacións.

Na avaliación ordinaria de xuño aquel alumnado que non superara a materia, terá unha proba escrita baseada naqueles contidos das avaliacións suspensas. A nota final será a media das avaliacións que tivese superadas durante o curso e as que realice no exame ordinario, sempre cumprindo os mínimos establecidos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña pendente a materia de Educación Plástica e Visual de 1º de ESO seguirá o seguinte plan de traballo:

Convocarase no mes de outubro ao alumnado coa materia pendente para informarles dos contidos que terán que preparar, as tarefas/exames que terán que realizar para poder aprobar a materia e dos criterios de avaliación e cualificación a aplicar.

Realizarán láminas que abordan os contidos da materia traballados durante o curso anterior. Se producirán dúas entregas, unha no mes de xaneiro e outra en abril. Os exercicios propostos elaboraranse en base aos contidos, criterios de avaliación e ás competencias clave do currículo do 1º curso. A cualificación obtida nestes exercicios suporá o 70% da cualificación final. Os traballos deben ser entregados na data e forma establecida pola profesora. A entrega das láminas será obrigatoria. Os traballos deberán ser feitos polo alumnado de forma orixinal. Ante calquera sospeita de falta de orixinalidade dos traballos, ou realización por parte doutra persoa que non sexa o alumno/a, consideraranse coma non presentados.

Ademais realizaranse dous exames que estarán baseados nos contidos e competencias clave establecidos para o curso. Estas probas escritas suporán o 30% da cualificación final.

Os titores de cada grupo serán informados para o seu coñecemento, e se o consideran oportuno, para que remitan ós pais, nais ou titores legais dos alumnos/as e así estean informados.

Considerarase recuperada a materia se a cualificación final obtida despois de facer a ponderación da nota de exames e láminas ou traballos, é igual ou superior a 5.

Para recuperar a materia é necesario sacar unha cualificación igual ou superior a 5 nas dúas partes. A cualificación final obterase facendo unha ponderación das cualificacións obtidas en cada unha das partes seguindo as porcentaxes antes indicadas.

Aqueles alumnos/as que non recuperen a materia terán a posibilidade de facelo nunha proba final que se celebrará no mes de maio. Aqueles alumnos/as que non superen unha das partes terán que realizar a proba só dos contidos relacionados coa parte non aprobada. A recuperación pode basearse na realización só da proba escrita e/ou na entrega das láminas que non obtiveron unha cualificación de 5 segundo o caso individual.

A materia considerase aprobada se a cualificación final obtida é igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O principio de atención á diversidade na materia de Educación Plástica enténdese como un modo de ensinanza adaptativa. O carácter aberto e flexible que se plantexa fai viable o mencionado principio adaptándose ás características particulares e necesidades educativas do alumnado.

É neste contexto de aula onde adquire maior significado o principio de atención a diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, pois é nese ámbito no que se concreta e materializa o proceso de ensinanza aprendizaxe e no que se detectan as diferenzas e dificultades dos nosos alumnos e alumnas para acadar os obxectivos propostos inicialmente e as competencias clave.

Plantéxase planificar as actuacións en diferentes ámbitos:

a) Respecto aos contidos: Concrétanse e limítanse aqueles contidos imprescindibles, así como aqueles que contribúen ao desenvolvemento de capacidades xerais: comprensión, expresión verbal e gráfica, busca e selección da información, aplicación de técnicas e utilización adecuada de instrumentos e material de debuxo, etc. Esta selección de contidos ten en conta o posible grao de dificultade para, deste xeito, poder atender a prioridades, distribuindo o tempo de acordo con estas e fixando uns mínimos para todo o grupo, tendo en conta o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.

b) Respecto ás estratexias didácticas.

Utilízanse distintas posibilidades que poden favorecer o tratamento da diversidade na aula mediante unha serie de estratexias ligadas ao método e a organización interna dos grupos:

Plantéxanse actividades de aprendizaxe variadas que permitan diversos accesos aos contidos e con distintos graos de dificultade (por exemplo o uso do papel pautado ou en branco para os debuxos a man alzada).

Propóñense distintas formas de agrupamento do alumnado adaptándose aos espazos da aula de xeito que permitan o traballo individual máis ou menos dirixido, de pequeno ou gran grupo con certos niveis de liberdade e autonomía.

Co alumnado con necesidades educativas especiais traballarase en coordinación co departamento de orientación e aplicarase a metodoloxía axeitada para que poidan acadar o maior numero de obxectivos posibles e un grao de desenvolvemento competencial suficiente.

En canto a posibles medidas extraordinarias curriculares a adoptar, despois da avaliación inicial poderase para algún alumno/a:

Facer algunha adaptación metodolóxica como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.

2. Adaptación de os tempos e/ou os instrumentos de avaliación.

3. Programa de recuperación de materias non instrumentais.

5. Programa específico para alumnado repetidor da materia

6. Programa específico personalizado para repetidores da materia

7. Agrupamento flexible/específico

8. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc

9. Posibles ACI

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable				X	X	X		X
ET.4 - Educación para o respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación cívica e constitucional	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Educación para a saúde	X
ET.2 - Educación ambiental	X
ET.3 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X
ET.4 - Educación para o respecto mutuo e cooperación entre iguais	X

	UD 9
ET.5 - Educación para a igualdade de xénero	X
ET.6 - Educación cívica e constitucional	X

Observacións:

Prestarase especial atención a concienciar ao alumnado da importancia de seguir as normas de seguridade e hixiene no traballo. Traballarase para fomentar a busca de solucións que eviten ou minimicen o impacto ambiental; valoralo posible esgotamento de recursos e analízalos inconvenientes que se deriven do uso de cada un dos materiais, e a repercusión que poida ter nas persoas, animais e plantas, así coma na vida en sociedade. Valorarase o custo na realización dos proxectos e comparalo co seu uso. Fomentarase o traballo cooperativo; incidirase no respecto ás ideas doutros; tratarase de apoiarlos menos capacitados no desenvolvemento das actividades e/ou proxectos; desenvolverase unha actitude aberta e flexible ante as ideas e os traballos dos demais. Fomentarase o reparto de tarefas nun plano absoluto de igualdade en función das capacidades, sen distinción de sexo; valorarase o esforzo, as ideas e o traballo dos demais dende unha perspectiva de igualdade de oportunidades de ámbolos dous sexos. Fomentarase a formación de grupos mixtos nas tarefas grupais e se prestará especial atención ao reparto igualitario de tarefas. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Analizaranse e valoraranse as implicacións que supón o desenvolvemento de determinados movementos artísticos e farase dende unha perspectiva moral e ética; valorarase e analizarase dende unha perspectiva histórica e social as producións artísticas elaborados en cada momento, sempre con unha actitude de respecto cara ás obras dos artistas. Á súa vez promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Tratarase en todo momento a prevención da violencia de xénero, e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
VISITA PLANTA SARGADELOS EN SADA	Visita á planta onde o alumnado poderá ver e coñecer o proceso de produción. Despois realizarán un taller onde cada alumno/a deseñará, moldeará e decorará a súa propia peza. Finalmente deixarase na planta para o seu cocido e secado e dende a planta enviaranse ao centro para que cada un leve a súa peza a casa.			

Observacións:

Actividade programada para o segundo trimestre. A data pode variar en función da dispoñibilidade da empresa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
Consegiuse motivar ao alumnado para a súa aprendizaxe?
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?
Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?
Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
Faise unha avaliación inicial de coñecementos previos ao inicio de cada unidade didáctica?
Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?
Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para o alumnado con NEAE?
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
Intercálase o traballo individual e en grupo?
Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?
No traballo na aula e no taller foméntase a igualdade entre os alumnos e as alumnas?
As actividades plantexadas e a metodoloxía empregada faise sempre dende unha perspectiva de xénero?

Descrición:

Os indicadores de logro avaliaranse cunha escala de 1 a 4 sendo 4 a máxima puntuación e 1 a mínima.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O alumnado será informado a principio de curso dos aspectos mais importantes da programación, facendo especial fincapé nos contidos a traballar, os criterios de avaliación e cualificación así como os procedementos e instrumentos de avaliación que se empregarán. Ademais, a programación íntegra poderá consultarse a través da páxina web do centro como da copia que se deposita no centro.

Realizarase a avaliación da programación nos seguintes períodos de tempo:

Mensualmente: Revisarase a temporización da programación así como a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, adaptando esta á diversidade do alumnado.

Ao final de cada trimestre: Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias.

Revisarase a programación e anotaranse as modificacións nas actas do Departamento.

Ao final do curso: Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias.

Revisarase a programación e anotaranse as modificacións na memoria final do Departamento e se terán en conta para a programación do curso seguinte.

Empregaranse os seguintes indicadores de logro:

- 1.- ¿Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- ¿Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- 3.- ¿O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
- 4.- ¿Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- 5.- ¿Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 6.- ¿Secuenciáronse os contidos de cada unha das unidades/temas?
- 7.- ¿Asígnouse a cada criterio de avaliación e a cada unidade didáctica o peso correspondente na cualificación?
- 8.- ¿Vinculouse cada criterio de avaliación a un instrumento para a súa avaliación?
- 9.- ¿Asociouse a cada unidade didáctica os temas transversais a desenvolver?
- 10.- ¿Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- 11.- ¿Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- 12.- ¿Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
- 13.- ¿O material didáctico é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
- 14.- ¿Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 15.- ¿Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir das competencias adquiridas en cursos anteriores?
- 16.- ¿Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 17.- ¿Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?
- 18.- ¿Fixáronse criterios para a avaliación final?
- 19.- ¿Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
- 20.- ¿Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?
- 21.- ¿Definíronse programas de apoio, recuperación, etc?
- 22.- ¿Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?
- 23.- ¿Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
- 24.- ¿Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, e instrumentos de avaliación?
- 25.- ¿Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?
- 26.- ¿Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
- 27.- ¿Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

9. Outros apartados

